

CONVENIO DE COLABORACIÓN DE VOLUNTARIADO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A FUNDACIÓN VALDEGODOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Valdegodos formalizaron o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos, dende o 22.08.2019, susceptible de ser prorrogado.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as partes de cara a institucionalizar a determinados doentes que despois de pasar polo hospital, e entre o tempo que media entre a súa alta hospitalaria e o acceso a unha praza nun centro residencial público, necesiten un aloxamento alternativo que evite a prolongación innecesaria da súa estancia hospitalaria, así como para proporcionarlles unha atención sociosanitaria de calidade que garanta a súa continuidade asistencial. Serán persoas destinatarias da devandita atención todas aquelas que cumpran os requisitos sinalados no acordo de colaboración asinado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Fundación Valdegodos é unha institución benéfico social que ten por obxecto a axuda e asistencia ao colectivo da terceira idade, co fin de mellorar a súa calidade de vida e benestar social. Dentro das súas áreas de actuación está a de contribuír e costear a atención e

estancia das persoas maiores que por falta ou escaseza de recursos non poden acceder ás prestacións dun centro xeriátrico.

Pola súa banda o Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras trata de dar resposta a unha demanda social patente, como é a de dar asistencia a todos aqueles doentes que despois de pasar polo hospital non podan, por mor das súas condicións socio sanitarias, regresar inmediatamente ao seu domicilio. Se trata de persoas que polas súas características ou circunstancias ven limitada de xeito importante a súa autonomía persoal e carecen de rede social e /ou familiar de apoio, e que polo tanto precisan dun ingreso nun centro residencial para poder acadar a súa total recuperación.

Por todo o anterior, as partes asinantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para facilitar a aquelas persoas esa recuperación.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

